

BASES ESPECÍFICAS PARA A PROVISIÓN POR LIBRE DESIGNACIÓN DUN POSTO DE XEFE/A DE SERVIZO NO CONCELLO DA CORUÑA.

PRIMEIRA

Constitúe obxecto da presente convocatoria a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Acción Social do Concello da Coruña. Este posto está reservado a personal funcionario de carreira do subgrupo A1, de Escalas ou Corpos pertencentes á Administración Xeral ou Especial, e de conformidade co contido e características recollidos na vixente relación de postos de traballo:

- Corporación: Concello da Coruña
- Denominación do posto a que se convoca:
 - Xefe/a de Servizo de Acción Social (AS0000), referencia do posto: 1451

O posto citado atópase recollido na Relación de Postos de Traballo deste Concello (Boletín Oficial da Provincia da Coruña, número 165 de 31/08/2017).

As características do citado posto son as seguintes:

- a) O complemento de destino asignado ao devandito posto é o correspondente a nivel 28.
- b) O sistema de provisión é o de libre designación.
- c) O complemento específico anual fixado para este posto é de 31.915,94 €.

SEGUNDA

Poderán concorrer á convocatoria o persoal funcionario de carreira de calquera Administración Pública do subgrupo A1 de clasificación, de escalas ou corpos pertencentes á Administración Xeral ou á Administración Especial, de acordo co establecido no art. 101 da Lei 7/1985, reguladora de bases do Réxime Local e o disposto na Relación de Postos de Traballo do Excmo. Concello da Coruña.

TERCEIRA

As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo dirixiranse ao Sr. Alcalde e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello debidamente cumprimentadas, durante o prazo de quince días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia. Poderán así mesmo remitirse na forma determinada na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Á instancia acompañarase inexcusablemente.

- Fotocopia do DNI
- Un "curriculum vitae". A devandito curriculum deberá acompañarse os documentos xustificativos dos meritos que se aleguen, pois non serán valorados aqueles que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias.

CUARTA

A convocatoria será resolta pola Concellería delegada de Facenda e Administración, por delegación da Xunta de Goberno Local de data 30 de xuño de 2017, ao tratarse dun posto que se prové polo sistema de libre designación, valorando a experiencia profesional e a formación acreditada. Así mesmo, a resolución motivarase con referencia ao cumprimento por parte do candidato elixido dos requisitos e especificacións contidos nesta convocatoria.

QUINTA

Se o nomeamento recae nun persoal funcionario de carreira pertencente a outra administración pública, requirirase informe desta. De non emitirse o mesmo no prazo de quince días naturais, considerarase favorable, de conformidade co previsto no artigo 54.1 do Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo, aprobado por Decreto 364/1995 do 10 de marzo.

SEXTA

Esta convocatoria e a súa resolución publicarase nos Boletíns Oficiais correspondentes, podendo ser declarada deserta se ningún dos candidatos alcanzase o nivel suficiente para o posto, a xuízo do órgano competente.

SEPTIMA

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderán as persoas interesadas interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses desde a citada data.

A Coruña, 29 de xaneiro de 2019

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

A Concelleira delegada de Facenda e Administración

María Eugenia Vieito Branco